

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP Plurilingüe Isidora Riestra

CURSO: 2º Educación Primaria

DATA: maio 2020

## ÍNDICE

- **LINGUA CASTELÁ E LITERATURA.** Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
- **LINGUA GALEGA E LITERATURA.** Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
- **LINGUA CASTELÁ E LITERATURA / LINGUA GALEGA E LITERATURA**
  - Avaliación e cualificación.
  - Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso, ampliación)
- **MATEMÁTICAS.** Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
  - Avaliación e cualificación.
  - Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
- **C. SOCIAIS.** Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
- **C. NATURAIS.** Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
- **C.SOCIAIS / C. NATURAIS.**
  - Avaliación e cualificación.
  - Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
- **VALORES SOCIAIS E CÍVICOS.** Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
  - Avaliación e cualificación.
  - Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
- **INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.**

<b>Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. LINGUA CASTELÁ E LITERATURA</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
<b>BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR</b>	
B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando o queda de palabra e a intervención dos e das demais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e opinións. (CCL, CAA, CSC).</li> <li>• LCB1.1.2 Aplica das normas socio-comunicativas: escoita, espera de quedas. (CCL, CAA, CSC).</li> </ul>
B1.3. Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer as necesidades de comunicación en diferentes situacións de aula.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LCB1.3.1. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: <ul style="list-style-type: none"> <li>- diálogos</li> <li>- exposicións orais guiadas con axuda. (CCL, CD, CAA, CSC, CSIEE)</li> </ul> </li> </ul>
B1.5. Recoñecer o tema e o sentido xeral dun texto oral breve e sinxelo, de diferente tipoloxía, atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados).	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LCB1.5.1. Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social. (CCL, CAA)</li> </ul>
B1.11. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LCB1.11.1 Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse: escoita e pregunta para asegurar a comprensión. (CCL, CAA, CSC, CSIEE )</li> </ul>
<b>BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA .LER.</b>	
B2.1. Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos sinxelos de carácter infantil.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LCB2.1.1. Le en voz alta diferentes tipos de texto moi sinxelos apropiados á súa idade (CCL)</li> <li>• LCB2.1.2. Le en silencio textos moi sinxelos próximos á súa experiencia infantil. (CCL).</li> </ul>
B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LCB2.2.1 Identifica o tema dun texto sinxelo. (CCL, CAA).</li> </ul>
B.2.5 Usa, de xeito guiado, a biblioteca para localizar libros axeitados aos seus intereses.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LCB2.5.1 Consulta na biblioteca, de xeito guiado, diferentes fontes bibliográficas para obter información sobre libros do seu interese. (CCL, CD, CAA).</li> </ul>
<b>BLOQUE 3 : COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR</b>	

B3.1. Producir textos sinxelos segundo un modelo con diferentes formatos (descriptivos e narrativos) aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LCB3.1.1. Escribe, con axuda, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social. (CCL, CD, CAA )</li> </ul>
B3.2 Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LCB3.2.1 Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros. (CCL, CD, CAA)</li> </ul>
<b>BLOQUE 4 : COÑECEMENTO DA LINGUA</b>	
B4.1. Coñecer os elementos gramaticais básicos sobre a estrutura da lingua (categorías gramaticais), para favorecer unha comunicación máis eficaz.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LCB4.1.1. Iniciase no uso de categorías gramaticais básicas: o nome, artigo, adxectivo, verbo. (CCL)</li> </ul>
B4.5.Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LCB4.5.1. Utiliza de forma guiada, distintos programas educativos dixitais. (CCL, CD, CAA )</li> </ul>
<b>BLOQUE 5 : EDUCACIÓN LITERARIA</b>	
B5.1 Valorar textos como fonte de gozo e información.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LCB5.1.1. Valora de forma global, textos propios da literatura infantil: contos, cancións, adiviñas... ( CCL, CCEC )</li> </ul>

<b>Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. LINGUA GALEGA E LITERATURA</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
<b>BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR</b>	
B1.1. Comprender a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LGB1.1.1. Comprende a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil. ( CCL, CAA )</li> </ul>
B1.3. Comprender e producir textos orais moi sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LGB1.3.2. Segue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo. CCL, CAA)</li> <li>• LGB1.3.4 Participa no traballo en grupo.</li> </ul>
B1.5 Participa nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LGB1.5.1 Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais. (CCL, CSC, CAA).</li> </ul>
B1.7. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LGB1.7.1. Amosa respecto ás achegas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo. (CCL, CAA, CSIEE)</li> </ul>
<b>BLOQUE 2 : COMUNICACIÓN ESCRITA. LER.</b>	
B2.1. Comprender e localizar información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación social. (CCL, CD, CSC).</li> <li>• LGB2.1.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas. (CCL).</li> </ul>
B2.2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LGB2.2.1 Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións. (CCL, CAA, CSC, CSIEE, CMCT).</li> </ul>
B2.3. Ler, de forma guiada, textos sinxelos adecuados aos seus intereses.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LGB2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos sinxelos. (CCL, CAA )</li> </ul>
B2.4. Usar as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LGB2.4.1. Utiliza as bibliotecas de aula e de centro respectando as normas básicas e máis sinxelas do seu funcionamento.( CCL, CAA, CSC )</li> </ul>
B2.7. Iníciase na autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LGB2.7.1. Selecciona textos do seu interese, en función dos seus gustos e preferencias. (CCL, CSC, CAA, CSIEE).</li> </ul>

<b>BLOQUE 3 : COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR</b>	
B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos, relativos a situacións cotiás infantís.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LGB3.1.1. Produce e reescribe textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís. (CCL, CSIEE, CAA)</li> <li>• LGB3.1.4. Iníciase no uso do punto, a coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación. (CCL).</li> </ul>
B3.4. Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LGB3.4.1. Ilustra os seus textos con imaxes redundantes co seu contido. (CCL, CD, CSIEE).</li> </ul>
<b>BLOQUE 4: COÑECEMENTO DA LINGUA</b>	
B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LGB4.1.2. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra. (CCL, CAA)</li> <li>• LGB4.1.3. Identifica nomes comúns e propios a partir de palabras dadas, frases ou textos. (CCL, CAA).</li> <li>• LGB4.1.4. Sinala o xénero e número de palabras dadas. (CCL, CAA).</li> </ul>
B4.2. Coñecer, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LGB4.2.1. Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas. (CCL, CSC, CCEC)</li> </ul>
B4.3. Recoñecer a relación entre o son e grafía, así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LGB4.3.1. Recoñece a relación entre son e grafía. (CCL, CAA)</li> <li>• LGB4.3.2. Identifica as palabras como instrumento para a segmentación da escritura. (CCL, CAA)</li> </ul>
<b>BLOQUE 5: EDUCACIÓN LITERARIA</b>	
B5.2. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LGB5.2.1. Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís. (CCL, CCE, CD)</li> <li>• LGB5.2.2. Le, de forma guiada, textos en voz alta, textos adecuados aos intereses infantís. (CCL, CCE, CD)</li> </ul>
B5.6. Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LGB5.6.1. Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural. ( CCL, CCEC )</li> </ul>

**AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN: Lingua castelá e literatura / Lingua galega e literatura.**

**AVALIACIÓN**

Avaliación inicial para valorar os coñecementos previos ao proceso de aprendizaxe por medio duns intercambios orais co alumnado.

Durante o proceso de aprendizaxe: observación sistemática, análise da produción do alumnado e probas específicas.

Instrumentos:

- **BLOQUE 1: C. ORAL. FALAR E ESCOITAR:** emprego de escalas de observación nas producións orais do alumnado, escoitas atentas, exposicións orais, nas súas intervencións.
- **BLOQUE 2: C. ESCRITA. LER:** Escalas de observación para valorar as lecturas en voz alta en galego e castelán, realización de preguntas orais sobre textos lidos para valorar a comprensión lectora, respecto polas normas da biblioteca.
- **BLOQUE 3: C. ESCRITA. ESCRIBIR:** Análise da produción do alumnado das súas fichas diarias e cadernos de traballo e probas escritas.
- **BLOQUE 4: COÑECEMENTO DA LINGUA:** Cadernos e fichas traballo, produción oral. Probas específicas.
- **BLOQUE 5: EDUCACIÓN LITERARIA:** Observación sobre a creación oral espontánea e, ás veces, guiada.

**CUALIFICACIÓN FINAL**

- 1- Ponderación dos resultados acadados na 1ª e 2ª avaliación, tendo presente o concepto de avaliación continua, para acadar a media do curso.
- 2- A nota media do curso será obxecto de mellora en función do seguimento da realización das actividades propostas no 3º trimestre, respectando a situación persoal do alumnado: accesibilidade, situación familiar, capacidade individual...

**Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)**

**Lingua castelá e literatura / Lingua galega e literatura.**

<b>Actividades</b>	<p><b>As actividades de desenvolvemento e repaso</b> están relacionadas con fichas de lectura de textos con preguntas de comprensión lectora, exercicios de vocabulario, de ortografía, de elaboración de textos sinxelos de gramática e diversos pasatempos de adiviñas, encrucillados e sopas de letras. Asemade, facilito enlaces a xogos didácticos de internet específicos da área de lingua.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>A gran maioría do alumnado ten acceso a Internet (desde o computador ou teléfono móbil) para consultar a páxina web do centro e descargar as tarefas semanais desde o correo electrónico. As tarefas son deseñadas semanalmente e enviadas ao correo electrónico de cada familia. Para o alumnado que carece de medios, as fichas de traballo son impresas no centro e enviadas ao seu domicilio por persoal do Concello.</p> <p>Para valorar a realización das tarefas e poder facer un seguimento de cada neno e nena, levo a cabo titorías telefónicas e fago recepción dos traballos mediante foto a través do meu correo electrónico ou mediante a aplicación de mensaxería “Whatsapp”, (sen data límite para respectar as necesidades e ritmos do alumnado e circunstancias persoais das familias).</p> <p>Para facer o deseño das actividades e tarefas que fun elaborando tiven presente que gardasen unas características fundamentais: que fosen motivadoras, lúdicas, alcanzables e variadas.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Os materias e recursos empregados son os seguintes: fichas de lectura e traballo de ampliación, repaso, reforzo e lúdicas elaboradas por mín ou atopadas en diversos cadernos dixitais e en páxinas web. Os xogos didácticos recomendados as familias e alumnado atópanse en internet.</p>

## Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. **MATEMÁTICAS**

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>BLOQUE 1: PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS</b>	
B1.2. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático ben feito.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• MTB1.2.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto a traballar na área de Matemáticas. (CMCT, CAA)</li> </ul>
<b>BLOQUE 2: NÚMEROS.</b>	
B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• MTB2.1.1. Iniciase na lectura, escritura e orden de números ata o 999. (CMCT, CCL).</li> <li>• MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais. (CMCT, CAA)</li> <li>• MTB2.1.3. Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes. (CMCT, CAA).</li> </ul>
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais.</li> <li>• MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 999. (CMCT, CAA, CCL).</li> <li>• MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.</li> </ul>
B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados. (CMCT, CAA).</li> <li>• MTB2.3.2. Inicio da realización de cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados. (CMCT, CAA).</li> <li>• MTB2.3.3 Iniciase na resolución de operacións con cálculo mental.</li> </ul>
B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexión entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados. (CMCT, CAA )</li> </ul>
<b>BLOQUE 3: MEDIDAS.</b>	
B3.1. Iniciase no coñecemento das unidades básicas de medida de lonxitude.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• MTB3.1.1. Coñece o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude. (CMCT).</li> </ul>
B.3.2. Iniciase no coñecemento das unidades básicas de medida de peso.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• MTB3.2.1 Coñece o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medidas de peso. (CMCT).</li> </ul>

B3.5. Iníciase no coñecemento do valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• MTB3.5.1. Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.</li> </ul>
<b>BLOQUE 4: XEOMETRÍA.</b>	
B4.1. Identificar e completar figuras simétricas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• MTB4.1.1. Iníciase na composición de figuras partindo do seu eixe de simetría. (CMCT)</li> </ul>
B4.2. Nomear un polígono segundo o seu número de lados.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• MTB4.2.1. Iníciase no coñecemento dos diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato (CMCT, CAA)</li> </ul>
<b>BLOQUE 5: ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE</b>	
B5.1. Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos sinxelos de representación gráfica : táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais... comunicando a información.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• MTB5.1.1. Rexistra e interpreta datos sinxelos en representacións gráficas básicas.(CMCT, CAA )</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• MTB5.1.2. Resolve problemas moi sinxelos nos que interveñen a lectura de gráficos.(CMCT, CAA )</li> </ul>

## AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN. MATEMÁTICAS

### AVALIACIÓN

Avaliación inicial para valorar os coñecementos previos ao proceso de aprendizaxe por medio duns intercambios orais co alumnado.

Durante o proceso de aprendizaxe: observación sistemática, análise da produción do alumnado e probas específicas

Instrumentos: o primeiro que tense en conta é a exposición oral do alumnado na clase durante o tempo que dura a actividade. Asemade, é importante facer unha análise das súas produción, por exemplo a través do caderno de traballo e fichas propostas. Por último, realízanse diversas probas específicas relacionadas co cálculo, medición, resolución de problemas...

### CUALIFICACIÓN FINAL

1. Ponderación dos resultados acadados na 1ª e 2ª avaliación, tendo presente o concepto de avaliación continua, para acadar a media do curso.
2. A nota media do curso será obxecto de mellora en función do seguimento da realización das actividades propostas no 3º trimestre, valorando en cada caso a situación persoal do alumno/a: accesibilidade, situación familiar, capacidade individual...

## 1. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

### MATEMÁTICAS

<b>Actividades</b>	<p><b>As actividades de desenvolvemento e repaso</b> están relacionadas con fichas de exercicios de cálculo mental, realización de operacións de suma e resta con e sen levadas, emprego dos signos matemáticos maior que/menor que, resolución de problemas sinxelos, realización de series ascendentes e descendentes, descomposición de números, figuras xeométricas... Asemade, facilito enlaces a xogos didácticos de internet específicos da área de lingua. Como <b>actividades finais</b> propono que adiviñen debuxos unindo os seus números, xogos interactivos... Finalmente sinal que poden facer <b>actividades de ampliación</b> voluntarias a través de enlaces webs de xogos na rede.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>A gran maioría do alumnado ten acceso a Internet (desde o computador ou teléfono móbil) para consultar a páxina web do centro e descargar as tarefas semanais desde o correo electrónico. As tarefas son deseñadas semanalmente e enviadas ao correo electrónico de cada familia. Para o alumnado que carece de medios, as fichas de traballo son impresas no centro e enviadas ao seu domicilio por persoal do Concello. Para valorar a realización das tarefas e poder facer un seguimento de cada neno e nena, levo a cabo titorías telefónicas e fago recepción dos traballos mediante foto a través do meu correo electrónico ou mediante a aplicación de mensaxería "Whatsapp", (sen data límite para respectar as necesidades e ritmos do alumnado e circunstancias persoais das familias).</p> <p>Para facer o deseño das actividades e tarefas que fun elaborando tiven presente que gardasen unas características fundamentais: que fosen motivadoras, lúdicas, alcanzables e variadas.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Os materiais e recursos empregados son os seguintes: fichas de lectura de traballo, de ampliación, de repaso, de reforzo lúdicas elaboradas por mín ou atopadas en diversos cadernos dixitais e en páxinas web. Os xogos didácticos recomendados ás familias e alumnado atópanse en diversos enlaces de internet.</p>

## Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. CIENCIAS SOCIAIS

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>BLOQUE 1: CONTIDOS COMÚNS</b>	
B1.2.Traballar en equipo e adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas.	CSB1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material. (CSC, CAA )
B1.4. Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área.	CSB1.4.1. Identifica a terminoloxía propia da área. (CAA).
<b>BLOQUE 2: O MUNDO QUE NOS RODEA</b>	
B2.2 Observar e localizar nun mapa os lugares nos que hai auga distinguido entre zonas de auga doce e salgada.	CSB2.2.1. Identifica os lugares onde hai auga na contorna e iníciase na localización en mapas moi sinxelos, como se distribúe a auga doce e salgada no territorio.
B2.5.Identificar as diferenzas entre paisaxe natural e urbana, analizando en grupo as consecuencias que a intervención humana provoca na conservación da paisaxe natural e definindo algunhas medidas para a conservación desta.	CSB2.5.1. Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima. (CCL, CSC, CMCCT).  CSB2.5.2. Iníciase da descrición de paisaxes de costa diferenciándoas das de interior. (CMCCT, CCL, CSC).
<b>BLOQUE 3 :VIVIR EN SOCIEDAD</b>	
B3.4. Manifestar satisfacción pola pertenza a un grupo e respectar as características das persoas coas que convivimos e que pertencen a diferentes grupos sociais.	CSB3.4.1. Amosa unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares. (CSC).
B3.5. Recoñecer algunha das manifestacións culturais e obras mais representativas da comarca e da comunidade, valorar a súa diversidade e contribuír á súa conservación.	CSB3.5.1.Explica oralmente algunhas festas, costumes, folclore,... propias da escola, da cidade, da comunidade así como algunha obra que sexa moi representativa na contorna próxima.( CSC, CCL ,CCEC).
<b>BLOQUE 4: AS PEGADAS DO TEMPO</b>	

B4.1. Comprender e distinguir os conceptos temporais: pasado, presente e futuro.

CSB4.1.1. Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá. (CCL, CMCCT).

## 1- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. CIENCIAS DA NATUREZA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>BLOQUE 1: INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA.</b>	
B1.1. Iniciarse na actividade científica a través de proxectos: buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.	CNB1.1.1. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de acción e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. (CAA, CMCCT, CSIEE).
B1.2. Traballar de forma cooperativa, respectando os compañeiros/as, material e normas de convivencia.	CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros /as, o material e as normas de convivencia.( CAA, CMCCT, CSC, CSIEE).
<b>BLOQUE 2: O SER HUMANO E A SAÚDE.</b>	
B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	CNB2.1.1. Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos. (CMCCT, CCL, CSC). CNB2.1.2. Recoñece a respiración e a nutrición como funcións vitais. (CMCCT). CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos. (CMCCT, CSC, CCL).
B2.2. Relacionar os hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso coa saúde e coa enfermidade.	CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde.( CMCCT, CSC).
<b>BLOQUE 3: OS SERES VIVOS.</b>	
B3.1. Identificar as principais características e comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu contorno.	CNB3.1.1. Explica as diferenzas entre os seres vivos e inertes observando o seu contorno. (CMCCT, CCL).
<b>BLOQUE 4: MATERIA E ENERXÍA.</b>	
B4.1. Identificar a auga e o aire como recursos fundamentais para a vida, e tomar conciencia da necesidade do seu uso responsable.	CNB4.1.1. Valora e aplica usos responsables da auga na escola. (CMCCT, CSC, CCL). CNB4.1.2. Reduce, reutiliza e recicla obxectos na escola. (CMCCT, CSC, CSIEE).

	CNB4.1.2. Identifica e adopta medidas de uso responsable da auga na escola.( CMCCT, CSC).
<b>BLOQUE 5: A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS.</b>	
B5.2. Empregar o ordenador identificando os compoñentes básicos e coidando o seu uso.	CNB5.2.2.Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso.( CMCCT, CD).

## AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.. CIENCIAS SOCIAIS / CIENCIAS DA NATUREZA

AVALIACIÓN	<p>Avaliación inicial para valorar os coñecementos previos ao proceso de aprendizaxe por medio duns <u>intercambios orais co alumnado</u>.</p> <p>Durante o proceso de aprendizaxe: observación sistemática, análise da produción do alumnado e probas específicas</p> <p>Instrumentos: o primeiro que tense en conta é a exposición oral do alumnado na clase durante o tempo que duran as actividades empregando a observación sistemática e o diario de aula. Asemade, é importante facer unha chuvia de ideas nas asembleas iniciais para averiguar os coñecementos previos do alumnado e estar atentos aos seus intereses. Tamén levase a cabo unha análise das súas produción, por exemplo a través do caderno de traballo e fichas propostas. Así mesmo, realízanse diversas probas específicas escritas relacionadas cos contidos das materias e faise unha autoevaluación nos equipos de traballo sobre os pequenos experimentos realizados.</p>
CUALIFICACIÓN FINAL	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Ponderación dos resultados acadados na 1ª e 2ª avaliación, tendo presente o concepto de avaliación continua, para acadar a media do curso.</li><li>2. A nota media do curso será obxecto de mellora en función do seguimento da realización das actividades propostas no 3º trimestre, valorando en cada caso a situación persoal do alumno/a: accesibilidade, situación familiar, capacidade individual...</li></ol>

**Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)**

**CIENCIAS SOCIAIS / CIENCIAS DA NATUREZA**

<b>Actividades</b>	Actividades de repaso e reforzo dos contidos traballados nos dous trimestres anteriores a través de diversos actividades con enlaces a vídeos e xogos online de diversas páxinas Web.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>A gran maioría do alumnado ten acceso a Internet (desde o computador ou teléfono móbil) para consultar a páxina web do centro e descargar as tarefas semanais desde o correo electrónico. As tarefas son deseñadas semanalmente e enviadas ao correo electrónico de cada familia. Para o alumnado que carece de medios, as fichas de traballo son impresas no centro e enviadas ao seu domicilio por persoal do Concello.</p> <p>Para facer o deseño das actividades e tarefas que fun elaborando tiven presente celebracións puntuais como “Os Maíos” ou “O Día das letras galegas”. Ditas tarefas tiñan unhas características fundamentais: que fosen motivadoras, lúdicas, alcanzables e variadas.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	Realización dalgunha ficha con enlaces a vídeos didácticos e xogos interactivos de internet.

<b>Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. VALORES SOCIAIS E CÍVICOS</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
<b>BLOQUE 1 : IDENTIDADE E DIGNIDADE DA PERSOA.</b>	
B1.1. Crear unha imaxe positiva dun mesmo/a en base ás autopercepcións e autodescrición de calidades.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VSCB1.1.1. Recoñece e describe verbalmente os seus estados de ánimo en composicións libres.(CSC, CCL )</li> </ul>
B1.2.Estructurar un pensamento efectivo empregando as emocións de forma positiva.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VSCB1.2.4 Expresa, respondendo a preguntas de persoas adultas, os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas. (CSC, CCL)</li> </ul>
<b>BLOQUE 2 : A COMPRESIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS</b>	
B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VSCB2.1.1 Expresar con claridade sentimentos e emocións. (CCL, CSC, CSIEE).</li> <li>• VSCB2.1.2. Emprega a comunicación verbal en exposicións orais para expresar opinións, sentimentos e emocións. (CAA, CSIEE).</li> </ul>
B2.3.Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VSCB2.3.1. Emprega diferentes habilidades sociais básicas. (CSC)</li> </ul>
<b>BLOQUE 3 : A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS</b>	
B3.1. Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VSCB3.1.1. Establece de relacións de confianza cos iguais e as persoas adultas. (CSC, CSIEE).</li> <li>• VSCB3.1.2. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais. (CSC, CSIEE).</li> </ul>
B3.2.Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando conductas solidarias.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VSCB3.2.2.Respecta as regras durante o traballo en equipo.(CSC )</li> </ul>
B3.6. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilide entre homes e mulleres.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VSCB3.6.1. Colabora con persoas doutro sexo en diferentes situacións escolares. (CSC, CCL ).</li> </ul>

## AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.. VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

### AVALIACIÓN

Realízase una avaliación inicial para comprobar e valorar os coñecementos previos ao proceso de aprendizaxe do alumnado. Para iso lévanse a cabo diversos intercambios orais co alumnado empregando, en diversas ocasións, curtametraxes para analizalos.. Durante o proceso de aprendizaxe emprégase a observación directa e sistemática así como a análise da produción do alumnado.

Instrumentos: emprégase a observación directa nos intercambios orais (asamblea e posta en común). Foméntase a participación activa. Finalmente sinalar que lévase a cabo a análise das súas producións (traballos individuais e en grupo).

### CUALIFICACIÓN FINAL

1. Ponderación dos resultados acadados na 1ª e 2ª avaliación, tendo presente o concepto de avaliación continua, para acadar a media do curso.
2. A nota media do curso será obxecto de mellora en función do seguimento da realización das actividades propostas no 3º trimestre, valorando en cada caso a situación persoal do alumno/a: accesibilidade, situación familiar, capacidade individual...

### Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

#### VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

Actividades	Elaboración de galerías de debuxos sobre diferentes temáticas como medio de expresión dos sentimentos e emocións, tras vivir os novos acontecementos polo COVID-19. Proposta de actividades lúdicas e plásticas para realizar en familia compartindo o resultado cos compañeiros. Visionado de vídeos de carácter lúdico- didáctico sobre a situación social actual.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	A gran maioría dos alumnado ten acceso a Internet (desde o computador ou teléfono móbil) para consultar a páxina web do centro e descargar as tarefas semanais desde o correo electrónico.. Para facer o deseño das actividades e tarefas que fun elaborando tiven presente que gardasen unas características fundamentais: que fosen motivadoras, lúdicas, alcanzables e variadas. Para manter a cohesión e o contacto do grupo, súbense ao blogue do centro os traballos, fotos, vídeos, debuxos que os alumnos e alumnas fan chegar para compartilos e animar aos seus compañeiros.
Materiais e recursos	Páxina web do centro, recursos visuais localizados de internet.

#### Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Información semanal ao grupo, e individual respectando as circunstancias. Páxina web do centro, correo electrónico, abalar móbil e teléfono persoal da docente.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.